| MATERIA |
|---|
| FILOSOFÍA |
| BLOQUES DE CONTIDOS |
| ESO (4º) |
| Bloque 1: A filosofía<br>Bloque 2: Identidade persoal<br>Bloque 3: Socialización<br>Bloque 4: Pensamento<br>Bloque 5: Realidade e metafísica Bloque 6: Transformación |

| FILOSOFÍA | | | | 4º ESO | |
|---|---|---|---|---|---|
| CONTIDOS | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | UD | TÍTULO | DESCRICIÓN | TEMPORALIZACIÓN |
| - O saber filosófico.<br>- Os inicios do saber filosófico en Occidente e Oriente.<br>- Filosofía occidental na súa historia.<br>- Filosofía teórica e práctica.<br>- Utilidade da filosofía. | FIB 1.1.1, FIB 1.2.1<br>FIB 1.2.2, FB 1.3.1,<br>FIB 1.4.1,<br>FIB 1.5.1 | 1De | que trata a filosofía? | Introdución á materia e ao significado e valoración histórica e presente da filosofía. | **1º trimestre**<br>Setembro - outubro |
| - Tipos de liberdade.<br>- Teorías deterministas.<br>- Vontade e responsabilidade.<br>- Liberdade ou seguridade? | FIB 6.1.1, FIB 6.1.2<br>FIB 6.2.1,<br>FIB 6.3.1,<br>FIB 6.4.1 | 2So | mos libres?<br>Ac | hegamento a diversos plantexamentos filosóficos sobre a liberdade e o determinismo.<br>Debate sobre as implicacións das diversas concepción da liberdade. | Novembro-decembro |
| - Personalidade e identidade.<br>- Teorías da personalidade.<br>- Afectividade e motivación.<br>- Construíndo a propia identidade. | FIB 2.1.1, FIB 2.2.1,<br>FIB 2.3.1, FIB 2.4.1,<br>FIB 2.5.1, FIB 2.6.1,<br>FIB 2.8.1, FIB 2.11.1,<br>FIB 2.12.1, FIB2.13.1,<br>FIB 2.14.1 | 3Qu | en son eu?<br>Ac | hegamento a diversas teorías da personalidade.<br>Afondamento en nocións da intelixencia emocional de Daniel Goleman. | **2º trimestre**<br>Xaneiro |
| -Teorías sobre o ser humano e sobre a alma<br>- Vontade.<br>- Sentimentos.<br>- O ser humano como proxecto. | FIB 2.15.1, FIB 2.16.1,<br>FIB 2.17.1,<br>FIB 2.18.1,<br>FIB 2.19.1 | 4O | ser humano<br>Ad | quisición de nocións básicas sobre as concepción do ser humano e a súa alma en pensadores como Platón Aristóteles e Descartes. | Febreiro |
| - Coñecer e teoría do coñecemento.<br>- Fontes do coñecemento.<br>- Luces e sombras da razón.<br>- Que é a verdade?<br>- Verdade absoluta e erro. | FIB 4.1.1, FIB 4.2.1,<br>FIB 4.3.1,<br>FIB 4.4.1,<br>FIB 4.42,<br>FIB 4.52 | 5Bu | scando<br>a verdade | Achegamento aos rudimentos da filosofía do coñecemento.<br>Distinción entre as diversas fontes de coñecemento.<br>Problematización dos poderes e límites da razón. | Marzo |
| - Que é a metafísica?<br>- Hai orde no universo?<br>- O posto do ser humano no universo.<br>- A vida, a morte e a historia. | FIB 5.1.1, FIB 5.1.2,<br>FIB 5.2.1, FIB 5.2.2,<br>FIB 5.2.3,<br>FIB 5.3.1 | 6Pe | rdidos no universo | Aproximación ao concepto básico de metafísica e os seus trazos básicos.<br>Reflexión sobre os coñecementos científicos actuais sobre o universo. | Marzo |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| - O ser humano como animal cultural e como animal social.<br>- Proceso de socialización.<br>- Tipos de sociedade.<br>- Cultura e civilización. | FIB 3.1.1, FIB 3.2.1,<br>FIB 3.3.1, FIB 3.3.2,<br>FIB 3.4.1., FIB 3.4.1<br>FIB 3.6.1,<br>FIB 3.7.1, | **7** In d | ividuo socialización e cultura | Reflexión sobre o ser humano como ser social, asimilando conceptos básicos da socioloxía. | **<u>3º trimestre</u>**<br>Abril |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| - O ser humano como animal cultural e como animal social.<br>- Proceso de socialización.<br>- Tipos de sociedade.<br>- Cultura e civilización. | FIB 3.1.1, FIB 3.2.1,<br>FIB 3.3.1, FIB 3.3.2,<br>FIB 3.4.1., FIB 3.4.1<br>FIB 3.6.1,<br>FIB 3.7.1, | **7** | Individuo socialización e cultura | Reflexión sobre o ser humano como ser social, asimilando conceptos básicos da socioloxía. | **<u>3º trimestre</u>**<br>Abril |
| - Teorías sobre a orixe da sociedade.<br>- Fundamento da sociabilidade humana.<br>- O Estado.<br>- Lexitimidade do poder político, das normas, das institucións.<br>- Deberes e dereitos das persoas.<br>- Revolución e utopía. | FIB 3.1.1, FIB 3.2.1,<br>FIB 3.3.1,<br>FIB3.4.1,<br>FIB 3.5.1,<br>FIB3.6.1,<br>FIB3.7.1<br>,<br>FIB3.8.<br>1 | **8** | Sociedade e Estado | Nocións básicas de filosofía política.<br>Meditar e debater en torno a sociedades ideais (utopías) e distopías. | Maio |
| - A estética como disciplina filosófica.<br>- Imaxinación.<br>- Proceso creativo.<br>- Creatividade, innovación e risco. | FIB 6.6.1, FIB 6.7.1,<br>FIB 6.7.2, FIB 6.8.1<br>FIB 6.9.1,<br>FIB 6.10.2,<br>FIB 6.11.1,<br>FIB 6.13.1,<br>FIB 6.14.1 | **9** | A aventura da creatividade | Adquisición de coñecementos básicos sobre a estética imaxinación e a creatividade.<br>Practicar técnicas de desenvolvemento da creatividade (farase un pouco ao longo de todo o curso e agora de forma máis sistemática). | Xuño |

| Nº | Título da UD | Duración (sesións) | Temporalización |
|---|---|---|---|
| **1** | DE QUE VAI A FILOSOFÍA (FILOSOFÍA) | 11 | **<u>1º trimestre</u>**<br>Setembro-outubro |

**OBXECTIVOS ESPECÍFICOS**

- Achegarse ao significado do saber filosófico e distinguilo doutros tipos de coñecementos.
- Coñecer os principais filósofos e filósofas do pensamento occidental, en especial os da antigüidade grega.
- Debater en torno á finalidade do saber filosófico.

**CONTIDOS**

- - O saber filosófico.
- - Os inicios do saber filosófico en Occidente e Oriente.
- - Filosofía occidental na súa historia.
- - Filosofía teórica e práctica.
- - Utilidade da filosofía.

**METODOLOXÍA**

Procurarase utilizar unha metodoloxía activa na que o alumnado sexa suxeito da súa propia aprendizaxe. Partirase dos coñecementos previos do alumno/a para, a partir dunha diagnose inicial, presentaranse as liñas xerais que desenvolverán o tema e atender á diversidade de interese, necesidades e capacidades. Tratarase de posibilitar que o alumnado realice aprendizaxes significativas por si mesmo/a, é dicir, que aprenda a aprender. Incidirase nunha serie de actividades que movan á reflexión do alumnado e ao desenvolvemento do espírito crítico.

Tendo isto en conta, nesta unidade, en particular, levarase a cabo aproximadamente o seguinte:

- Traballo en grupos nas 3-4 primeiras sesións introdutorias en torno ás principais cuestións da filosofía. Cada grupo traballará 3 ou 4 preguntas, a partir de textos e preguntas dadas e logo realizará unha breve exposición do proceso de traballo e as conclusións.
- Explicación maxistral, breve, con apoio visual.
- Lectura de textos e cuestións sobre os mesmos. Exercicios sobre o explicado.
- Presentación de vídeos, fragmentos de películas ou fotografía que dean lugar a debate en torno ao tratado.
- Comentario de texto.

| |
|---|
| ▪Cuestionario final para avaliar e recapitular o visto. |
| **DESEÑO DE ACTIVIDADES (recomendable 2/3 actividades)** |
| §- Actividade de inicio. Busca do significado etimolóxico da palabra “filosofía”, busca de palabras gregas na nosa lingua, usos comúns da palabra “filosofía” na actualidade. Xogo para completar refráns (sabedoría popular).<br>§- Presentación de temas para facer un traballo na primeira avaliación. Tempo libre en sala de ordenadores para buscar información e tomar decisións de tema e grupo con quen realizalo. Anotación das decisións tomadas (que poderán ser cambiadas máis adiante, previa consulta coa profesora)<br>§- A cada rapaz/a asígnaselle un filósofo/ a da antigüidade e ten que realizar unha presentación en dúas ou tres diapositivas do mesmo (dáselles un guión do que ten que poñer en cada unha delas). |
| **CRITERIOS DE AVALIACIÓN QUE SE APLICARÁN PARA A VERIFICACIÓN DA CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS POR PARTE DO ALUMNADO** |

| Criterios de avaliación | Instrumentos de avaliación |
|---|---|
| • B1.1, B1.2, B1.3, B1.4 B1.5, B1.6 | Os instrumentos de avaliación e porcentaxe de cualificación serán aproximadamente:<br>• Exame (dous por avaliación): 50 %<br>• Traballo de investigación (ou vídeo) e exposición oral do mesmo (un por avaliación) 30 %<br>• Tarefas variadas de clase entregadas á profesora e participación en clase: 20 %<br><br>- Os exames e os traballos só fan media entre si se se acada un mínimo dun 3,5 en cada caso.<br>- O aprobado é a partir de 5. |

**IDENTIFICACIÓN DA UNIDADE DIDÁCTICA**

| Nº | Título da UD | Duración (sesións) | Temporalización |
|---|---|---|---|
| 2 | SOMOS LIBRES? | 20 | Novembro - decembro |

**OBXECTIVOS ESPECÍFICOS**

▪- Coñecer as principais teorías e conceptos en torno á liberdade.
▪- Tomar conciencia da importante relación entre a liberdade, a vontade, a responsabilidade e a toma de decisións.

**CONTIDOS**

▪- Tipos de liberdade.
▪- Teorías deterministas.
▪- Vontade e responsabilidade.

**METODOLOXÍA**

▪Como se indicou na anterior unidade, a metodoloxía procurará ser activa, participativa e significativa. A secuenciación da unidade seguiría aproximadamente a seguinte secuenciación.

- Explicación maxistral, breve, con apoio visual
- Lectura de textos e cuestións sobre os mesmos. Exercicios sobre o explicado. Práctica da disertación
- Presentación de vídeos, fragmentos de películas ou fotografía que dean lugar a debate en torno ao tratado.
- Comentario de texto
- Test final para avaliar e recapitular o visto.

**DESEÑO DE ACTIVIDADES (recomendable 2/3 actividades)**

▪- Realizar comentario(dirixidos con cuestionario ou guión) de textos que defenden unha liberdade infinita e outros completamente deterministas.
▪- Escoitar algunha canción poética sobre a liberdade (como “Yo te nombro libertad”, escrita por Paul Elouard) e, fixándose na letra, responder a un cuestionario dado.

**CRITERIOS DE AVALIACIÓN QUE SE APLICARÁN PARA A VERIFICACIÓN DA CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS POR PARTE DO ALUMNADO**

| Criterios de avaliación | Instrumentos de avaliación |
|---|---|
| • B6.1, B6.2. B6.3, B6.5 | ▪ Os mesmos que na unidade 1.<br>§ |

| Nº | Título da UD | Duración (sesións) | Temporalización |
|---|---|---|---|
| 3 | QUEN SON EU? | 11 | **2º trimestre**<br>Xaneiro |

| OBXECTIVOS ESPECÍFICOS |
|---|
| • Investigar sobre teorías da personalidade.<br>• Reflexionar sobre o proceso propio de construción da personalidade, tendo en conta o aspecto emocional do mesmo. |
| **CONTIDOS** |
| ▪ - Personalidade e identidade.<br>▪ - Teorías da personalidade.<br>▪ - Afectividade e motivación.<br>▪ - Construíndo a propia identidade. |
| **METODOLOXÍA** |
| ▪ Como se indicou na anterior unidade, a metodoloxía procurará ser activa, participativa e significativa. A secuenciación da unidade seguiría aproximadamente a seguinte secuenciación.<br>• Explicación maxistral, breve, con apoio visual<br>• Lectura de textos e cuestións sobre os mesmos. Exercicios sobre o explicado. Práctica da disertación<br>• Presentación de vídeos, fragmentos de películas ou fotografía que dean lugar a debate en torno ao tratado.<br>• Comentario de texto<br>• Test final para avaliar e recapitular o visto. |
| **DESEÑO DE ACTIVIDADES (recomendable 2/3 actividades)** |
| • Relacionar o proceso de construción da personalidade co de construción dunha casa.<br>• Práctica da ferramenta da disertación, co tema de “Pode un robot ter personalidade?” |
| **CRITERIOS DE AVALIACIÓN QUE SE APLICARÁN PARA A VERIFICACIÓN DA CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS POR PARTE DO ALUMNADO** |

| Criterios de avaliación | Instrumentos de avaliación |
|---|---|
| • B3.5, B3.6 | ▪ Os mesmos que na unidade 1.<br>§ |

| IDENTIFICACIÓN DA UNIDADE DIDÁCTICA | | | |
|---|---|---|---|
| **Nº** | **Título da UD** | **Duración (sesións)** | **Temporalización** |
| 4 | O SER HUMANO | 10 | Febreiro |

| OBXECTIVOS ESPECÍFICOS |
|---|
| • Achegarse a diversas concepcións filosóficas sobre o ser humano.<br>• Coñecer e manexar conceptos básicos da antropoloxía filosófica.<br>• Comprender a noción de ser humano como proxecto. |
| **▪ CONTIDOS** |
| ▪ -Teorías sobre o ser humano e sobre a alma<br>▪ - Vontade.<br>▪ - Sentimentos.<br>▪ - O ser humano como proxecto. |
| **METODOLOXÍA** |
| Procurarase utilizar unha metodoloxía activa na que o alumnado sexa suxeito da súa propia aprendizaxe. Partirase dos coñecementos previos do alumno/a para, |

a partir dunha diagnose inicial, presentaranse as liñas xerais que desenvolverán o tema e atender á diversidade de interese, necesidades e capacidades. Tratarase de posibilitar que o alumnado realice aprendizaxes significativas por si mesmo/a, é dicir, que aprenda a aprender. Incidirase nunha serie de actividades que movan á reflexión do alumnado e ao desenvolvemento do espírito crítico.

A profesora tratará de ser máis que unha simple expositora dos temas, para procurar ser máis ben motivadora e orientadora das diversas actividades. Coidará a presentación das tarefas e as postas en común que sigan ao traballo individual.

Tendo isto en conta, nesta unidade, en particular, levarase a cabo aproximadamente o seguinte:

- Traballo en grupos nas 3-4 primeiras sesións introdutorias en torno ás principais cuestións da filosofía. Cada grupo traballará 3 ou 4 preguntas, a partir de textos e preguntas dadas e logo realizará unha breve exposición do proceso de traballo e as conclusións
- Explicación maxistral, breve, con apoio visual
- Lectura de textos e cuestións sobre os mesmos. Exercicios sobre o explicado
- Presentación de vídeos, fragmentos de películas ou fotografía que dean lugar a debate en torno ao tratado.
- Comentario de texto
- Cuestionario final para avaliar e recapitular o visto.

**DESEÑO DE ACTIVIDADES (recomendable 2/3 actividades)**

- Realizar, en grupos, un experimento mental a partir dun suposto caso de intercambio de corpos. Logo posta en común.
- Ver un vídeo en torno ao culto ao corpo na actualidade e logo debater en torno a este tema.

**CRITERIOS DE AVALIACIÓN QUE SE APLICARÁN PARA A VERIFICACIÓN DA CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS POR PARTE DO ALUMNADO**

| Criterios de avaliación | Instrumentos de avaliación |
|---|---|
| • B2.15, B2.16, B2.17, B2.18, B2.19, B2.20 | ▪Os mesmos que na unidade 1.<br>§ |

**IDENTIFICACIÓN DA UNIDADE DIDÁCTICA**

| Nº | Título da UD | Duración (sesións) | Temporalización |
|---|---|---|---|
| 5 | BUSCANDO A VERDADE | 10 | Marzo |

**OBXECTIVOS ESPECÍFICOS**

- ▪- Comprender e manexar un glosario básico de conceptos epistemolóxicos.
- ▪- Reflexionar e debater sobre posibilidades e límites da razón humana.
- ▪- Problematizar e clarificar os principais usos da noción de verdade.

**CONTIDOS**

- ▪- Coñecer e teoría do coñecemento.
- ▪- Fontes do coñecemento.
- ▪- Luces e sombras da razón.
- ▪- Que é a verdade?
- ▪- Verdade absoluta e erro.

**METODOLOXÍA**

▪Como se indicou na anterior unidade, a metodoloxía procurará ser activa, participativa e significativa. A secuenciación da unidade seguiría aproximadamente a seguinte secuenciación.

- Explicación maxistral, breve, con apoio visual
- Lectura de textos e cuestións sobre os mesmos. Exercicios sobre o explicado. Práctica da disertación
- Presentación de vídeos, fragmentos de películas ou fotografía que dean lugar a debate en torno ao tratado.
- Comentario de texto
- Test final para avaliar e recapitular o visto.

**DESEÑO DE ACTIVIDADES (recomendable 2/3 actividades)**

- Práctica do comentario de textos con fragmentos breves sobre a curiosidade e o coñecemento.
- Clasificar varios enunciados propostos como xuízos de feito ou como xuízos de valor.

**CRITERIOS DE AVALIACIÓN QUE SE APLICARÁN PARA A VERIFICACIÓN DA CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS POR PARTE DO ALUMNADO**

| Criterios de avaliación | Instrumentos de avaliación |
|---|---|
| • B4.1, B4.2, B4.3, B4.4 | ▪Os mesmos que na unidade 1. |

| IDENTIFICACIÓN DA UNIDADE DIDÁCTICA | | | |
|---|---|---|---|
| **Nº** | **Título da UD** | **Duración (sesións)** | **Temporalización** |
| **6** | PERDIDOS NO UNIVERSO | 10 | **Marzo** |

**OBXECTIVOS ESPECÍFICOS**

- - Aproximarse á noción de metafísica.
- - Reflexionar sobre algunhas cuestións metafísicas como se hai orde ou caos no universo.
- - Meditar sobre temas metafísico como a vida, a morte e a historia.

**▪CONTIDOS**

- - Que é a metafísica?
- - Hai orde no universo?
- - O posto do ser humano no universo.
- - A vida, a morte e a historia.

**METODOLOXÍA**

Procurarase utilizar unha metodoloxía activa na que o alumnado sexa suxeito da súa propia aprendizaxe. Partirase dos coñecementos previos do alumno/a para, a partir dunha diagnose inicial, presentaranse as liñas xerais que desenvolverán o tema e atender á diversidade de interese, necesidades e capacidades. Tratarase de posibilitar que o alumnado realice aprendizaxes significativas por si mesmo/a, é dicir, que aprenda a aprender. Incidirase nunha serie de actividades que movan á reflexión do alumnado e ao desenvolvemento do espírito crítico.

A profesora tratará de ser máis que unha simple expositora dos temas, para procurar ser máis ben motivadora e orientadora das diversas actividades. Coidará a presentación das tarefas e as postas en común que sigan ao traballo individual.

Tendo isto en conta, nesta unidade, en particular, levarase a cabo aproximadamente o seguinte:

- Traballo en grupos nas 3-4 primeiras sesións introdutorias en torno ás principais cuestións da filosofía. Cada grupo traballará 3 ou 4 preguntas, a partir de textos e preguntas dadas e logo realizará unha breve exposición do proceso de traballo e as conclusións
- Explicación maxistral, breve, con apoio visual
- Lectura de textos e cuestións sobre os mesmos. Exercicios sobre o explicado
- Presentación de vídeos, fragmentos de películas ou fotografía que dean lugar a debate en torno ao tratado.
- Comentario de texto
- Cuestionario final para avaliar e recapitular o visto.

**DESEÑO DE ACTIVIDADES (recomendable 2/3 actividades)**

- En dous grupos, preparar e logo desenvolver un debate en torno a se hai orde no universo.
- Relacionar varias imaxes propostas con outras tantas formas de entender, experimentar ou sentir a natureza e o universo. Logo xustificar as relacións establecidas.

**CRITERIOS DE AVALIACIÓN QUE SE APLICARÁN PARA A VERIFICACIÓN DA CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS POR PARTE DO ALUMNADO**

| Criterios de avaliación | Instrumentos de avaliación |
|---|---|
| • B5.1 B5.2, B5.3, B5.4 | ▪Os mesmos que na unidade 1.<br>§ |

| IDENTIFICACIÓN DA UNIDADE DIDÁCTICA | | | |
|---|---|---|---|
| **Nº** | **Título da UD** | **Duración (sesións)** | **Temporalización** |
| **7** | INDIVIDUO, SOCIEDADE E CULTURA | 10 | **3º trimestre**<br>Abril |

**OBXECTIVOS ESPECÍFICOS**

- Discriminar significados do termo "individuo".
- Analizar as dimensións do ser humano como ser cultural e social
- Analizar o fenómeno da globalización.

**▪CONTIDOS**

- - O ser humano como animal cultural e como animal social.
- - Proceso de socialización.
- - Tipos de sociedade.
- - Cultura e civilización.

| METODOLOXÍA |
|---|
| ▪Como se indicou na anterior unidade, a metodoloxía procurará ser activa, participativa e significativa. A secuenciación da unidade seguiría aproximadamente a seguinte secuenciación.<br>• Explicación maxistral, breve, con apoio visual<br>• Lectura de textos e cuestións sobre os mesmos. Exercicios sobre o explicado. Práctica da disertación<br>• Presentación de vídeos, fragmentos de películas ou fotografía que dean lugar a debate en torno ao tratado.<br>• Comentario de texto<br>▪Test final para avaliar e recapitular o visto.<br>§ |
| **DESEÑO DE ACTIVIDADES (recomendable 2/3 actividades)** |
| • Realización dunha fotografía (con ou sen montaxe) sobre a influencia da cultura na nosa personalidade.<br>• . Disertación sobre a interculturalidade. |
| **CRITERIOS DE AVALIACIÓN QUE SE APLICARÁN PARA A VERIFICACIÓN DA CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS POR PARTE DO ALUMNADO** |

| Criterios de avaliación | Instrumentos de avaliación |
|---|---|
| • B 3.1, B3.2, B3.3, B3.8, B3.9 | ▪Os mesmos que na unidade 1.<br>§ |

| IDENTIFICACIÓN DA UNIDADE DIDÁCTICA | | | |
|---|---|---|---|
| **Nº** | **Título da UD** | **Duración (sesións)** | **Temporalización** |
| 8 | SOCIEDADE E ESTADO (SOCIALIZACIÓN) | 10 | Maio |

| OBXECTIVOS ESPECÍFICOS |
|---|
| • Aprender cales son os fundamentos do carácter social do ser humano.<br>• Investigar sobre as teorías contractualistas.<br>• Analizar códigos normativos.<br>• Analizar vantaxes e desvantaxes de dilemas en torno a utopías sociais. |
| ▪CONTIDOS |
| ▪- Teorías sobre a orixe da sociedade.<br>▪- Fundamento da sociabilidade humana<br>▪- O Estado<br>▪- Lexitimidade do poder político, das normas, das institucións.<br>▪- Deberes e dereitos das persoas. |
| **METODOLOXÍA** |
| Procurarase utilizar unha metodoloxía activa na que o alumnado sexa suxeito da súa propia aprendizaxe. Partirase dos coñecementos previos do alumno/a para, a partir dunha diagnose inicial, presentaranse as liñas xerais que desenvolverán o tema e atender á diversidade de interese, necesidades e capacidades. Tratarase de posibilitar que o alumnado realice aprendizaxes significativas por si mesmo/a, é dicir, que aprenda a aprender. Incidirase nunha serie de actividades que movan á reflexión do alumnado e ao desenvolvemento do espírito crítico.<br>A profesora tratará de ser máis que unha simple expositora dos temas, para procurar ser máis ben motivadora e orientadora das diversas actividades. Coidará a presentación das tarefas e as postas en común que sigan ao traballo individual.<br>Tendo isto en conta, nesta unidade, en particular, levarase a cabo aproximadamente o seguinte:<br>• Traballo en grupos nas 3-4 primeiras sesións introdutorias en torno ás principais cuestións da filosofía. Cada grupo traballará 3 ou 4 preguntas, a partir de textos e preguntas dadas e logo realizará unha breve exposición do proceso de traballo e as conclusións<br>• Explicación maxistral, breve, con apoio visual<br>• Lectura de textos e cuestións sobre os mesmos. Exercicios sobre o explicado<br>• Presentación de vídeos, fragmentos de películas ou fotografía que dean lugar a debate en torno ao tratado.<br>• Comentario de texto<br>• Cuestionario final para avaliar e recapitular o visto. |
| **DESEÑO DE ACTIVIDADES (recomendable 2/3 actividades)** |
| • Realización dunha infografía que expoña claramente as teorías contractualistas e logo presentala á clase.<br>• Análise de dilemas en torno a utopías e distopías. |
| **CRITERIOS DE AVALIACIÓN QUE SE APLICARÁN PARA A VERIFICACIÓN DA CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS POR PARTE DO ALUMNADO** |

| Criterios de avaliación | Instrumentos de avaliación |
|---|---|
| • B3.5 B3.6, B3.8, B3.9 | ▪Os mesmos que na unidade 1. |

| IDENTIFICACIÓN DA UNIDADE DIDÁCTICA | | | |
|---|---|---|---|
| **Nº** | **Título da UD** | **Duración (sesións)** | **Temporalización** |
| **9** | A AVENTURA DA CREATIVIDADE | 10 | Xuño |
| **OBXECTIVOS ESPECÍFICOS** | | | |
| •Coñecer e valorar a estética como disciplina filosófica e como forma de apreciar mellor as obras de arte e a natureza.<br>•Presentar e poñer en prácticas diversas técnicas que favorecen o desenvolvemento da imaxinación.<br>•Reflexionar sobre o concepto de zona de confort e comprender a súa relación coa innovación. | | | |
| ▪CONTIDOS | | | |
| ▪- A estética como disciplina filosófica.<br>▪- Imaxinación.<br>▪- Proceso creativo.<br>▪- Creatividade, innovación e risco. | | | |
| **METODOLOXÍA** | | | |
| Procurarase utilizar unha metodoloxía activa na que o alumnado sexa suxeito da súa propia aprendizaxe. Partirase dos coñecementos previos do alumno/a para, a partir dunha diagnose inicial, presentaranse as liñas xerais que desenvolverán o tema e atender á diversidade de interese, necesidades e capacidades. Tratarase de posibilitar que o alumnado realice aprendizaxes significativas por si mesmo/a, é dicir, que aprenda a aprender. Incidirase nunha serie de actividades que movan á reflexión do alumnado e ao desenvolvemento do espírito crítico.<br>A profesora tratará de ser máis que unha simple expositora dos temas, para procurar ser máis ben motivadora e orientadora das diversas actividades. Coidará a presentación das tarefas e as postas en común que sigan ao traballo individual.<br>Tendo isto en conta, nesta unidade, en particular, levarase a cabo aproximadamente o seguinte:<br>•Traballo en grupos nas 3-4 primeiras sesións introdutorias en torno ás principais cuestións da filosofía. Cada grupo traballará 3 ou 4 preguntas, a partir de textos e preguntas dadas e logo realizará unha breve exposición do proceso de traballo e as conclusións<br>•Explicación maxistral, breve, con apoio visual<br>•Lectura de textos e cuestións sobre os mesmos. Exercicios sobre o explicado<br>•Presentación de vídeos, fragmentos de películas ou fotografía que dean lugar a debate en torno ao tratado.<br>•Comentario de texto<br>•Cuestionario final para avaliar e recapitular o visto. | | | |
| **DESEÑO DE ACTIVIDADES (recomendable 2/3 actividades)** | | | |
| •Entre toda a clase, realizar inversións de supostos sobre situacións como: a profesora ensina ao alumnado só pode existir unha verdade, a camareira serve á clientela, ou o gran de trigo produce unha espiga.<br>•En grupos de tres ou catro persoas levar a cabo unha chuvia de ideas sobre un tema elixindo entre varios propostas como: Como se podería deter o quecemento global, como se podería elevar a media das cualificación do grupo en dous puntos etc.<br>•Disertación sobre como saír da zona de confort. | | | |
| **CRITERIOS DE AVALIACIÓN QUE SE APLICARÁN PARA A VERIFICACIÓN DA CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS POR PARTE DO ALUMNADO** | | | |
| **Criterios de avaliación** | | **Instrumentos de avaliación** | |
| • B6.6, B6.7, B6.8, B6.9, B6.10, B6.11, B6.13, B6.14 | | ▪Os mesmos que na unidade 1. | |

| MATERIA | |
|---|---|
| FILOSOFÍA (4º ESO) | |
| **COMPETENCIA** | **CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO LONGO DA COMPETENCIA CLAVE** |
| **Comunicación lingüística (CCL)** | En todas as ocasións, que son moitas en que se realizan análises de textos, composicións escritas de argumentos de reflexión filosófica, disertacións.<br>Nos traballos de investigación escrita, e na exposición oral do mesmo. Etc |

| | |
|---|---|
| **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)** | Na maior parte das unidades realízanse comparacións e relacións diversas entre filosofía e ciencia. Na U1 De que trata a filosofía? Nas unidades dos bloques de Identidade e de Socialización establécense relacións coas ciencias sociais. Cando se estuda metafísica, relaciónase cos coñecementos da física actual |
| **Competencia dixital (CD)** | En todos os traballos de investigación realizados individualmente ou en grupo ao longo do curso, posto que para a súa realización empregaranse as novas tecnoloxías.<br>Uso da Aula virtual.<br>Actividades de realización de fotos e vídeos filosóficos. |
| **Aprender a aprender (CAA)** | Está na base da filosofía xerar marcos de comprensión complexos, e enriquecedores para tratar unha realidade multifacética e omniabarcante ante a que nos sentimos admirados.<br>Fundamentalmente na análise crítica de textos e na elaboración de listaxes de vocabulario, mapas conceptuais, esquemas, táboas comparativas, en diversas unidades |
| **Competencias sociais e cívicas (CSC)** | Están estreitamente vinculadas cos obxectivos últimos de todo o proxecto filosófico. |
| **Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)** | O saber require atrevemento, ousadía e iniciativa, polo que se contribúe a el en case todas as tarefas de forma indisoluble con outras das competencias.<br>En especial na Unidade 9: A aventura da creatividade |
| **Conciencia e expresións culturais (CCEC)** | O percorrido da filosofía por temáticas e historia brinda un panorama de pensamentos, correntes, ideas, críticas e interrogantes que son correlativos a outras manifestacións culturais de todo momento .<br>En especial na unidade de "Individuo, socialización e cultura". Traballos sobre películas. |

## Materiais e recursos didácticos

| | | | |
|---|---|---|---|
| Filosofía | 4º ESO | ▪ Non se propón | ▪Fotocopias, apuntamentos, fragmentos de películas, Aula virtual, blog... |

# Elementos que garanten unha avaliación obxectiva

| PROCEDEMENTO PARA A AVALIACIÓN INICIAL E ACREDITACIÓN DE COÑECEMENTOS PREVIOS (ESO |
|---|
| Dinámica de presentación, na que se pregunta, entre outras cousas, polo traballado en Valores (no caso de que o cursaran). Hai que ter en conta que é a primeira vez que cursan esta materia.<br>Cuestionario de introdución a esta materia. |
| **PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN CONTINUA** |
| Para recuperar as partes non aprobadas en exame, ou cando non se alcanza un mínimo de 4 na avaliación do trimestre, realizaranse exame de recuperación (se hai interese por parte do alumnado) durante o curso, e logo un exame final en xuño.<br>Se non se realizan os traballos de investigación (un por avaliación) ou non alcanzan un mínimo de 4, poderán ser entregados ata principios de xuño. Cando os traballos se entreguen tarde, poderá restárselle á nota do traballo ata 2 puntos como penalización, a non ser que unha xustificación obxectiva para entregar fóra de data. |
| **PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA** |

| |
|---|
| Realizarase un exame similar en estrutura aos realizados no curso, no que se avaliará dos contidos mínimos esixibles nesta materia. Alternativamente e en caso de que non se poda realizar exames presenciais, proporanse tarefas (que recollan os contidos mínimos do curso nesta materia) para entregar a finais de agosto. |
| **MÍNIMOS ESIXIBLES PARA UNHA AVALIACIÓN POSITIVA** |
| Os contidos mínimos son os explicados e traballados nos tempos de clase e sobre os que versarán os exames. En principio, planéase que serán as Unidades1, 2, 3, 4, 7, 8 e 9 detalladas nos apartados 4 e 5.<br>As demais unidades serán abordadas fundamentalmente a través de traballos ou ben de tipo monográfico ou ben sobre libros ou películas. Polo tanto será tamén requisito imprescindible elaborar tres traballos ao longo do curso (un por avaliación) a partir dun guión e unhas temáticas dadas. Por suposto, é necesaria a asistencia e a participación nas explicacións e tarefas de aula. |
| **PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN** |
| • Exame (un ou dous por avaliación).<br>• Exercicios de clase.<br>• Traballo de investigación e exposición oral do mesmo (un por avaliación)<br>• Asistencia e participación nas clases. |
| **CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN** |
| Os instrumentos de avaliación e porcentaxe de cualificación serán aproximadamente:<br>• Exame (dous por avaliación): 50 %<br>• Traballo de investigación (ou vídeo) e exposición oral do mesmo (un por avaliación) 30 %<br>• Tarefas variadas de clase entregadas á profesora e participación en clase: 20 %<br>- Os exames e os traballos só fan media entre si se se acada un mínimo dun 3,5 en cada caso.<br>- O aprobado é a partir de 5. |

# ACTUALIZACIÓN DOS CRITERIOS DE AVALIACIÓN NAS PROGRAMACIÓNS DO DEPARTAMENTO DE FILOSOFÍA. EDUCACIÓN SECUNDARIA: FILOSOFÍA 4º ESO.

En atención á Orde do 27 de decembro de 2022 de avaliación na primaria, ESO e bacharelato,o alumnado da ESO,terá dereito a tres sesións de avaliación e unha final. A avaliación realizaráse tendo en conta os seguintes procedementos e instrumentos:

- No caso do alumnado que teña superada as tres avaliacións , a materia considérase superada.

-- No caso do alumnado que non teña superada materia realizará unha proba escrita, na que se avaliarán os contidos que non tivera superados. Se a cualificación nesta proba é de 5, considerarase como superada a materia.